

ACTA NÚMERO 8/2016
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 26 DE DECEMBRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13:15 horas, do día vinte e seis de decembro de dous mil dazaseis, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D^a M^a Pilar García Pereiro

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1- APROBACION, SE PROCEDE DO PRESUPOSTO ANO 2017.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE DO PRESUPOSTO ANO 2017.- PROPOSTA DE ALCALDIA

Formado o Presuposto Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2017, así como, as Bases de Execución e a plantilla de persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título da Lei 39 / 1988.

Visto e coñecido o contido dos informes do Interventor municipal, de data 12 de decembro de 2016.

Visto o informe de Intervención de Evaluación do Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Presupostaria de data de 12 de decembro de 2016, do que se desprende que a situación é de superávit presupostario e aforro neto positivo.

Por todo o exposto PROPOÑO o seguinte:

1º. Aprobar inicialmente o Presuposto Xeral do Concello de Tordoia, para o exercicio económico 2017, xunto coas Bases de execución, e cuxo resume por capítulos e o cadro de persoal, é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

| CAPITULO | DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|--------------|----------------------------------|---------------------|
| Capítulo 1 | Gastos de personal | 1.108.543,64 |
| Capítulo 2 | Gastos bens correntes e servizos | 899.000,00 |
| Capítulo 3 | Gastos financeiros | 35.946,00 |
| Capítulo 4 | Transferencias correntes | 56.200,00 |
| Capítulo 6 | Inversións reais | 70.000,00 |
| Capítulo 7 | Transferencias de capital | |
| Capítulo 8 | Activos financeiros | |
| Capítulo 9 | Pasivos financeiros | 250.310,36 |
| TOTAL | | 2.420.000,00 |

ESTADO DE INGRESOS

| CAPITULO | DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|--------------|-----------------------------|---------------------|
| Capítulo 1 | Impostos directos | 612.500,00 |
| Capítulo 2 | Impostos indirectos | 30.000,00 |
| Capítulo 3 | Taxas e outros ingresos | 209.300,00 |
| Capítulo 4 | Transferencias correntes | 1.488.700,00 |
| Capítulo 5 | Ingresos patrimoniais | 24.000,00 |
| Capítulo 6 | Enaxenación de inver. reais | |
| Capítulo 7 | Transferencias de capital | 55.500,00 |
| Capítulo 8 | Activos financeiros | |
| Capítulo 9 | Pasivos financeiros | |
| TOTAL | | 2.420.000,00 |

Clasificación: Grupo segundo Leí 7/2007, de 12 de abril.- número de postes.- situación.

PLANTEL PERSOAL

A).- PERSOAL FUNCIONARIO (Clasificación según art. 76 EBEP)

I) Con habilitación de Carácter Nacional

1.1 Secretaria-Intervención-Tesourería.- (1).- Grupo A.- Nivel 30.- Propiedade

II) Escala de Administración Xeral:

2.1. Subescala de Xestión-(1)-Grupo A2.- Nivel 26.- Propiedade

2.2. Administrativo-(1)-Grupo Cl.- Nivel 22.- Propiedade

Administrativo -(1)-Grupo Cl.- Nivel 11.- Vacante

Administrativo-(1)-Grupo Cl.- Nivel 22.- Propiedade

2.3 Auxiliar administrativo-(1)-Grupo C2.- Nivel 18 Propiedade

2.4 Subescala Subaltern a-(1) -Grupo E.-Nivel 13-Propiedade

III) Escala de Administración Especial:

3.1. Policía Local (2) -Grupo Cl. -Nivel 14-Propiedade-A Extinguir

3.2 Traballadora Social -Grupo A2. Nivel 22-Vacante

B).- POSTOS DE TRABALLO SUXEITOS A LEXISLACIÓN LABORAL

-Laboral Fixo

Conductor para recollida de lixo e outros servizos.-(1)-Propiedade

Obreiro de Servizos Múltiples-(2) -Vacante (incluída OPE 2011)

Conserxe CPI-(1)-Vacante (incluída OPE 2011)

-Laboral Indefinido

Traballadora social (1) - Indefinido

Auxiliar adtvo. Servizos sociais (1)- Indefinido

Axente de emprego-(1)-Indefinido

Animadora Socio-cultural-(1)-Indefinido

Conductor tractorista municipal-(1)-Indefinido

Encargado Biblioteca e Casa de Cultura -(1) – Indefinido

Vixilante Deportivo e servizos múltiples (1) Indefinido

Animadora Deportiva (1). Indefinido

Educadora Familiar (I).Indefinido

Auxiliar axuda no fogar (10). Indefinido

Auxiliar administrativo edificio servizos múltiples .l ndefinido

-Laboral Temporal

Auxiliar Axuda no fogar(3)

Obreiros Servizos Múltiples-Mantemento accesos núcleos e outros viais (3).

2º.- Expor ao público o Presuposto Xeral para o ano 2017 , as Bases de execución, a plantilla do persoal aprobados, por un prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello, a efectos da presentación de reclamacións polos interesados.

3º.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación .

4º.- Remitir copia a Administración do Estado , así como, a Comunidade Autónoma.

Interven o señor alcalde presentando o contido do Presuposto, con un incremento do gasto nos Servizos sociais, e en inversión queda sin incluír o PLAN PLUS da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, pola nova configuración do PLAN e por falta de realizar os proxectos posibles, inclúese o PAI e Plan Emprego de vinte e cinco mil euros.

Inclúese aportacións da Xunta de Galicia que preveen para saneamento.

O señor alcalde pregunta si algun desexa que se lle aclare algún capítulo? Interven a concelleira do BNG dona Pilar Garcia decindo que xa lle explicaron.

Ahora interven o concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García preguntando, en base a explicación do señor José Garcia, sobre remanente de ingresos, que se ten pensado aplicar?

Cal é a prioridade nas inversións?, e tamen comenta que ten merito presentar o presuposto en tempo.

O señor alcalde aclara que o aportado pola Diputación Provincial en Plans, ten uns fins entre eles pago da deuda, esixencia pola lei e serán os Servizos sociais o que mais destaca neste presuposto

Sometese a votación e votan:

- a favor 8 PP
- abstención 3; (2 de PSdeG-PSOE e 1 do BNG), o concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos García motiva a súa abstención que si hai remanente dos capitulos, non se aclara para que se aplicarían.

O señor alcalde explica que si hai remanente, estará afectado a un fin establecido por lei.

Unha vez sometida a proposta da alcaldía a votación aprobouse nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar, pala Presidencia se levanta a sesión, sendo as 13:30 h